



Visto o expediente 233/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Expediente: 233/2026

Interesado: - - - - -

Organismo: Concello de Abegondo

ANTECEDENTES

Único. O 21.4.2026 - - - - - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación fronte á Resolución da Alcaldía do Concello de Abegondo do 18.3.2026, pola que se inadmitiu a súa solicitude, datada do 8.3.2026, de acceso a diversa documentación contractual e financeira do Concello de Abegondo, dende o 1.1.2019 ata a actualidade.

Xunto coa súa reclamación achega copia da súa solicitude do 8.3.2026 e da Resolución da Alcaldía do Concello de Abegondo, que foi notificada o 20.3.2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o

Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - — - .

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas entenderanse desestimadas.

As previsións do artigo 24.2 da LTAIP entenderanse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición das reclamacións nos supostos de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non fora expreso o*

solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo". Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Segundo resulta da documentación que consta no expediente, a persoa interesada presentou o 8.3.2026 ante o Concello de Abegondo unha solicitude de acceso, que foi inadmitida mediante Resolución da Alcaldía do 18.3.2026.

Esta resolución foi notificada ao agora reclamante o 20.3.2026 polo que, á data da presentación da reclamación ante esta Comisión, o 21.4.2026, xa transcorrera o prazo máximo dun mes, previsto no artigo 24.2 da LTAIP para a interposición das reclamacións en materia de acceso.

Deste xeito, é obrigado concluír na extemporaneidade da reclamación presentada polo señor - - - - - , procedendo, xa que logo, a súa inadmisión.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Inadmitir, por extemporánea, a reclamación presentada por - - - - -
- - - - - contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Abegondo do 18.3.2026.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de



conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - - - , na data da sinatura.

- - - - -

Presidente da Comisión da Transparencia